



Instrucións da Dirección Xeral de Recursos Humanos sobre os programas de libros de texto para o curso escolar 2015-2016.

A gratuidade solidaria de libros de texto para o próximo curso escolar 2015-2016 levarase a cabo mediante dous procedementos: axudas para a adquisición de libros de texto (Procedemento ED330B) e fondo solidario de libros de texto (Procedemento ED330D).

1º) Convocatorias.

a) Axudas para a adquisición de libros de texto:

- Ensinanzas e cursos aos que afecta: 1º, 2º, 4º e 6º de educación primaria, 1º e 3º de educación secundaria obrigatoria e educación especial.
- Normativa: Orde do 22 de maio de 2015 (DOG do 1 de xuño).
- Aplicación informática para a súa xestión: [axudaslibros](#).
- O sistema é similar no seu funcionamento ao das convocatorias anteriores, unha vez validadas as solicitudes a aplicación permite a xeración dun vale coa contía correspondente en función da renda per cápita familiar declarada na solicitude.
- Requisitos para acollerse a esta convocatoria:

a) Estar matriculado en 1º, 2º, 4º e 6º de educación primaria, 1º e 3º de educación secundaria obrigatoria ou educación especial, nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, durante o curso escolar 2015/2016.

Tamén poderá acollerse a estas axudas o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, matriculado en 3º e 5º de educación primaria ou en 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria **que non empregue os libros de texto do curso no que estea matriculado.**

b) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Para o alumnado de educación primaria e educación secundaria obrigatoria, ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000 euros.

d) Ter devolto os libros de texto adquirido coas axudas do curso 2014/2015.

Está excluído do ámbito de aplicación desta orde o alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no proxecto educación dixital (EDIXGAL) no curso 2015/2016.



b) Fondo solidario de libros de texto:

- Ensinanzas e cursos aos que afecta: 3º e 5º de educación primaria e 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria.

- Normativa: Orde do 21 de maio de 2015 (DOG do 1 de xuño).

- Aplicación informática para a súa xestión: [fondolibros](#).

- O sistema permitirá a distribución dos libros existentes no fondo entre o alumnado en función da renda per capita comprobada das solicitudes validadas polo centro.

- Requisitos para acollerse a esta convocatoria:

a) Estar matriculado en 3º e 5º de educación primaria ou 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria, nun centro sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, durante o curso escolar 2015/2016.

b) Ter devolto os libros de texto e/ou material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2014/2015.

Está excluído do ámbito de aplicación desta orde o alumnado matriculado nos centros e cursos incluídos no proxecto educación dixital (EDIXGAL) no curso 2015/2016.

2º) Devolución dos libros de texto adquiridos con cargo ás axudas do curso 2014/15 e gravación da devolución.

a) Obriga de devolver. Todo o alumnado beneficiario de axudas no curso 2014/2015 ten a obriga de devolver os libros no centro docente antes do 19 de xuño, coas seguintes excepcións:

- Alumnado de 1º e 2º de educación primaria, alumnado de educación especial ou alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, cando o material adquirido con cargo ao vale non sexa reutilizable.

-O alumnado de educación secundaria obrigatoria que teña algunha materia pendente poderá quedarse co libro correspondente ata que se examine e, como máximo, ata o 4 de setembro.



O centro deberá lembrarlle ao alumnado beneficiario das axudas a necesidade de cumprir a obriga de devolución dos libros adquiridos co vale, informándolle das consecuencias da falta de devolución,

Se despois do 19 de xuño o alumnado obrigado non devolvera os libros, o centro deberá requirir a devolución, por escrito e de xeito que quede constancia, dándolle de prazo ata o 1 de xullo, con advertencia expresa das implicacións da falta de devolución.

De igual xeito procederá co alumnado que teña que devolver algún libro en setembro, sendo o prazo, neste caso, o 9 de setembro.

b) Libros a devolver. Os libros que se deberán devolver son todos os adquiridos con cargo ao vale do curso 2014/15 e deben estar en bo estado de conservación, de maneira que poidan ser reutilizados.

c) Consecuencias da falta de devolución. A falta de devolución dos libros é causa de exclusión do fondo solidario de libros de texto e das convocatorias de axudas. Ademais, revisada a información das devolucions na aplicación axudaslibros, a consellería iniciará un expediente de reintegro da axuda concedida para todos aqueles casos nos que non conste a devolución dos libros adquiridos con cargo ao vale.

d) Gravación das devolucions na aplicación axudaslibros

Os centros docentes deberá ter gravadas **todas** as devolucions indicadas na aplicación **axudaslibros** o antes posible e, en todo caso, antes do **2 de xullo**. Tamén se gravarán os libros que voluntariamente se cedan ao fondo solidario por parte do alumnado non beneficiario das axudas ou calquera outra persoa ou entidade.

No caso de alumnado de educación secundaria obrigatoria disporá de prazo ata o **4 de setembro** para a devolución dos libros das materias suspensas. O centro deberá gravar estas devolucions en axudaslibros dispoñendo de prazo ata o día **10 de setembro** para facelo,

Unha vez que o centro teña gravadas todas as devolucions obrigatorias, así como as achegas voluntarias de libros na aplicación axudaslibros, poderá xerar un informe de todos os libros dispoñibles agrupados por cursos e materias.

O centro realizará unha comprobación dos libros que figuran no informe cos que ten fisicamente co obxecto de realizar unha depuración de posibles erros.

e) Gravación dos libros recollidos na aplicación fondolibros .

O centro deberá gravar na aplicación fondolibros as existencias reais de libros por materias e cursos para **3º e 5º de educación primaria e 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria**, engadindo un ou máis códigos ISBN. O prazo para realizar esta tarefa remata o **2 de xullo**.



No mes de setembro deberanse actualizar os datos coas devolucións dos libros do alumnado de educación secundaria obrigatoria con materias pendentes, dispoñendo de prazo ata o día **10 de setembro** para facelo

A información dos libros existentes no fondo, xunto coa matrícula en Xade, é imprescindible para que a aplicación informática poida realizar a distribución dos libros de texto, polo que, en educación primaria, debe estar comprobada o **2 de xullo** e en educación secundaria o **10 de setembro**.

3º) Resolución do fondo solidario e distribución dos libros de texto.

a) Resolución provisional.

O 7 de xullo publicarase a resolución provisional do fondo solidario de libros de texto que consistirá en:

En 3º e 5º de educación primaria: unha asignación libros/alumno.

En 2º e 4º de educación secundaria obrigatoria, unha relación de solicitantes e un listado de libros dispoñibles.

b) Resolución definitiva.

A resolución definitiva do fondos solidaria publicarase o 15 de xullo para educación primaria e o 15 de setembro para educación secundaria obrigatoria. En ambos casos consistirá nunha asignación libros/alumno

c) Entrega dos libros do fondo solidario

Os centros con alumnado de 3º e 5º de educación primaria poderán facer entrega dos libros os días 16 e 17 de xullo ou pospoñer a súa entrega para o inicio do curso. Os centros con alumnado de 2º e 4º de educación secundaria deberán entregar os libros entre o 16 e o 17 de setembro.

4º.- Calendario de actuacións.

Nos calendarios anexos a estas instrución recóllense os prazos e as actuacións que se deberán realizar en axudaslibros e fondolibros.

A medida que se vaian completando as diversas fases dos procedementos iranse incluíndo novas funcionalidades que permitirán realizar as xestións necesarias, segundo o calendario de actuacións. En un primeiro momento estará dispoñible en ambas aplicacións a opción de iniciar as solicitudes.



5º.- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

As disposicións adicionais segundas das ordes do 21 e 22 de maio de 2015, (referidas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo), establecen o seguinte:

“O centro docente poderá adoptar as medidas necesarias para que, o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado nos cursos incluídos nesta orde, poida dispoñer de material específico (adaptado ou elaborado polo centro), no suposto de que os libros de texto non se axusten ás súas necesidades educativas”.

De considerarse procedente, poderanse arbitrar outras medidas de reforzo, seguindo o procedemento que se determine.”

En consecuencia, infórmase o seguinte:

Os centros educativos, no uso da súa autonomía de xestión, poden destinar recursos propios para facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (discapacidade ou trastorno grave de conduta), aos efectos de aplicar o recollido nas citadas disposicións adicionais.

Deste xeito, naqueles casos nos que os libros de texto non se adapten ás súas necesidades educativas e non poidan ser utilizados por este alumnado, o centro pode elaborar ou adaptar materiais específicos que precise. No suposto de que non conte con recursos necesarios para iso, excepcionalmente, a consellería poderá reforzar os recursos propios do centro, tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria, e seguindo os procedementos que, en cada caso, se sinalan:

Centros públicos:

- A xefatura do departamento de orientación do centro debe xustificar a imposibilidade de utilizar os libros de texto (e por tanto de participar na convocatoria de axudas ou no fondo solidario de libros de texto do curso 2015-2016) e acordar co profesorado titor e co resto do equipo docente o material que precisa o alumno/a.
- A relación do material debe estar suficientemente individualizada e referenciada e irá acompañada da valoración económica do seu custo.
- A solicitude, xunto coa copia do informe psicopedagóxico (no que consten as necesidades específicas do alumno/a e no que se xustificará a imposibilidade de utilizar os libros de texto do mesmo curso no que estea matriculado ou doutros cursos), deberá trasladarse ás correspondentes xefaturas territoriais por parte da dirección do centro.
- Nas xefaturas territoriais revisaranse e analizaranse os expedientes remitidos polos centros e logo de informe do equipo de orientación específica e da inspección educativa, darase traslado á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para a súa valoración.



Centros concertados:

-No caso dos centros privados concertados, este tipo de casuística ten o seu encaixe na convocatoria que anualmente se publica e a través da que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para a atención alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que se publica no Diario Oficial de Galicia, convocatoria na que especificamente se establecen os trámites a seguir (prazos, requisitos, baremos, orzamento,...).

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2015
O director xeral de Centros e Recursos Humanos,

José Manuel Pinal Rodríguez.

